



Somos Ribadumia. A forza das persoas.

Somos Ribadumia: OUTRA MANEIRA DE FACER POLÍTICA.

Son moitos os veciños e veciñas que perciben que en Ribadumia está a punto de rematar un ciclo político; que vai haber cambios no Concello, que é necesario cambiar os xeitos, as maneiras e as prioridades dos que gobernan o Concello, en definitiva que demandan **OUTRA MANEIRA DE FACER POLÍTICA.**

Mais de 500 Desempregados, 80 veciños que emigraron fora do país na busca de traballo, familias que non teñen recursos para chegar a fin de mes..., Somos moitos os que non podemos comprender como se poden gastar millóns de euros en campos de fútbol, ousadas ou actos propagandísticos; mentres se denegan becas para os estudantes, non se inviste nada en apoio a creación de emprego ou non se atenden as necesidades sociais de moitas familias de Ribadumia. Por eso pensamos que **CHEGOU A HORA DE ATENDER AS NECESIDADES REAIS DAS PERSOAS.**

E tamén o momento de esixir un **compromiso de HONESTIDADE E ÉTICA na política.** Os cidadáns estamos fartos de ver como se utilizan os cargos en beneficio propio ou de amigos, dos privilexios; dos favores.... En SOMOS RIBADUMIA toda candidatura acepta cumprir un Decálogo Ético no que se comprometen a renunciar aos privilexios, facer públicos os seus ingresos e a ter un compromiso total de servizo aos veciños.

Chegou a hora de cambiar os xeitos de gobernar, **DA PARTICIPACIÓN E DA TRANSPARENCIA;** de que os veciños poidan saber e opinar sobre en que se van a gastar os euros dos seus impostos. De que poidan aportar as súas ideas e se conte con eles. **QUEREMOS CONSTRUIR UN CONCELLO DE TODOS E PARA TODOS.**

Finalmente **TODOS SOMOS RIBADUMIA E TODOS TEMOS OS MESMOS DEREITOS DIANTE DO CONCELLO.** Presentamos un proxecto pensado para mellor Ribadumia, e un grupo de persoas comprometidas para levalo adiante. Pedímosvos o voso apoio para poder realizalo.

PROPOSTAS PARA CAMBIAR RIBADUMIA

O MAIS IMPORTANTE: LOITA CONTRA O PARO

En SOMOS RIBADUMIA temos moi claro que o DESEMPREGO e a FALTA DE RECURSOS son agora mesmo as principais preocupacións de moitas familias e veciños de Ribadumia. Non se pode entender o pasotismo do Goberno cando levamos meses con mais dun 25% da poboación activa en situación de desemprego, ou con contratacións precarias e temporais. O Concello, coas competencias e recursos que ten na man, ten que volcarse en políticas que favorezan a creación de postos de traballo e o apoio a aquelas persoas que queiran levar adiante proxectos de emprego.



MEDIDAS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E APOIO AS INICITIVAS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO.

1. **Recuperación das parcelas do polígono industrial de Cabanelas sen actividade** para poñelas a disposición de empresas en réxime de concesión a cambio da creación de empregos.
2. Establecemento dunha **caixa de financiamento local** para apoiar proxectos empresariais viables de emprendedores de Ribadumia. Primando as axudas de financiación a aqueles proxectos empresariais que xeren emprego.
3. Aprobar a posibilidade de aprazar e acollerse a un **período de carencia dun ano e de bonificacións nas Licenzas de apertura e Tasas municipais** para aqueles comercios e negocios de nova apertura no Concello de Ribadumia.
4. **Impulsar a creación dunha cooperativa social, para recoller e tratar a biomasa vexetal (restos de poda, forestais, etc.) e transformala en produtos comerciais** (pellets, abonos, compostaxe,), contribuíndo a dar saída comercial a estes produtos, manter os montes limpos e crear emprego
5. **Apoio ao autoemprego na agricultura e viticultura**; con asesoramento nos trámites para aquelas persoas que queiran darse de alta, información sobre axudas económicas e programación de cursos e obradoiros específicos.
6. **Potenciar o mercado municipal de Abastos** impulsando a realización de mercadinhos e exposición de produtos da zona.
7. **Apoio a produción e comercialización de produtos biolóxicos e ecoloxicos**, como complemento e alternativa de mercado a produción agrícola tradicional
8. Creación de **incentivos para fomentar o consumo no comercio e a hostalería local**, con axudas, e descontos no acceso a instalacións e actividades do Concello (piscina, auditorio, ...). Estudio da creación dunha tarxeta do comercio local.
9. **Creación dun Viveiro de empresas** para apoiar a emprendedores que queiran abrir novos negocios.
10. **Promoción do turismo** aproveitando o sector do viño; a recuperación dos cursos fluviais e o patrimonio arqueolóxico e natural do Concello (Castro de Besomaño – Ruta dos pazos, ...). Programar rutas guiadas polo Concello, creando oferta laboral arredor do ocio e o turismo.
11. **Creación e dotación de equipamentos para unha área de estacionamento e servizos destinada a autocaravanas.**



A NOSA PRIORIDADE: **AXUDAR AS PERSOAS CON DIFICULTADES**

A labor principal dun Concello debe ser atender as necesidades das persoas. Non se pode mirar para outro lado ou limitarse a “caridade” cando hai veciños e familias enteiras que non teñen recursos suficientes para pagar a luz, os impostos municipais; ou teñen problemas para chegar a fin de mes. **Nese sentido dende SOMOS RIBADUMIA apostamos forte por garantir que non haixa ningunha familia de Ribadumia que non dispoña dos recursos suficientes para levar unha vida digna.**

MEDIDAS DE ATENCIÓN SOCIAL.

1. **Reforzar a área de atención social do Concello**, con máis persoal e recursos.
2. Compromiso de adicar como mínimo o **10% dos recursos orzamentarios do Concello a políticas de Atención social** directa as persoas.
3. **Establecemento dunha Axuda económica directa** destinada a familias en risco de exclusión social ou con dificultades económicas. **O obxectivo e garantir uns ingresos mínimos para facer fronte as necesidades básicas da familia e aos servizos esenciais.** Está prestación estaría xestionada e supervisada polos Servizos sociais do Concello, e concederíase vinculada a consecución duns obxectivos concretos.
4. **Bolsa de axuda económica para acceso a estudos superiores ou universitarios**, destinada a persoas con poucos recursos.
5. Potenciación do Fogar dos maiores, ampliando a mañá o seu horario de apertura, establecendo novas actividades (fisioterapia) e suprimindo as taxas de acceso ao mesmo. **Xestionar, en colaboración coa Xunta de Galicia, a apertura dun Centro de Día** para maiores e persoas dependentes.
6. Xestionar a **ampliación do Centro de Saúde e a mellora dos servizos que se prestan no mesmo**, en especial da atención pediátrica e demanda dun 3º médico de cabeceira.

O NOSO TRABALLO: **MELLORAR A ATENCIÓN AOS VECIÑOS E OS SERVIZOS DO CONCELLO.**

Un Concello debe estar ao servizo dos veciños, con iniciativas que busquen mellorar a calidade da atención aos. Prestar a debida atención para ter uns servizos de calidade e ben xestionados para contribuir a mellora da calidade de vida dos veciños. Debe ser tamén labor do Concello ofrecer accións destinadas a colectivos específicas concretas, por exemplo a XUVENTUDE.



MEDIDAS DE MELLORA DOS SERVIZOS QUE PRESTA O CONCELLO

1. **Completar a rede de saneamento e abastecemento** de auga en todos os núcleos de poboación.
2. **Mellora da xestión e control do Servizo de Abastecemento de Auga** sanitaria aos domicilios e control da potabilidade das fontes públicas.
3. **Creación dunha Casa da Xuventude en Barrantes**, con servizo de orientación laboral, axente de desenvolvemento local; biblioteca, aula de internet e **Locais de ensaio para grupos locais**.
4. Posta en marcha dunha **aula-museo da natureza no refuxio dos pescadores** en Ribadumia.
5. **Optimización e xestión racional do Auditorio e demais instalacións culturais e deportivas do Concello**, garantindo un adecuado acceso e uso das mesmas; así como a súa **apertura durante os períodos vacacionais escolares, para actividades destinadas aos nenos/as**.
6. **Xestionar a apertura dunha Oficina Municipal de Informaración ao Consumidor (OMIC)** no Concello de Ribadumia, para asesoramento e xestión de reclamacións de consumo (facturas luz, telefonía, ect.)
7. Fomento da **diversidade na oferta de actuacións musicais e culturais**, garantindo oferta destinada a todas as idades.
8. **Dotar de contido (libros e materiais didácticos) os diferentes locais públicos das parroquias**, para o seu uso polos veciños/as. "a cultura e máis que facer edificios vacíos"
9. **Ampliación do horario de apertura do Punto Limpo** en Leiro e promoción da recollida selectiva de residuos e da compostaxe doméstica.
10. **Control medioambiental e de salubridade das augas do Río Umia e os seus afluentes**, potenciando o seu entorno como lugar de ocio, atractivo turístico e tamén para a práctica da pesca.
11. **Recuperación dos servizos públicos privatizados para a súa xestión directa por parte do Concello** optimizando a súa xestión (mantenemento de alumeados, gardería, ...)



O NOSO COMPROMISO: A HONESTIDADE COA PARTICIPACIÓN E IGUALDADE.

Cando falamos de igualdade de todos os veciños diante do Concello, de eliminación dos privilexios e da política de intereses particulares, queremos ir máis alá de simples promesas eleitorais, aprobar normas que establezan como obriga a transparencia na xestión do Concello, que fomenten a participación dos veciños e das asociacións no día a día do goberno e medidas para garantir en definitiva ese COMPROMISO DE HONESTIDADE E ÉTICA NA ACCIÓN POLÍTICA.

MEDIDAS PARA FACER UN CONCELLO MAIS ABERTO, PARTICIPATIVO E DEMOCRÁTICO.

1. **Convocatoria Pública** dos postos laborais; contratación de obras e subvencións do Concello.
2. **Creación dos Consellos Locais do Deporte e da Cultura** con presenza das entidades deportivas e culturais existentes do Concello, como órganos consultivos en materia de xestión deportiva e cultura do Concello, reparto de subvencións, xestión das instalacións municipais,
3. **Establecemento dunhas bases claras e equitativas para o reparto de axudas** e subvencións entre as Asociacións, entidades culturais e Clubes deportivos do Concello, **primando as actividades de fomento da cultura galega e os deportes de base e alternativos.**
4. **Creación do Consello Económico e Social** para a participación dos comerciantes, representantes sindicais e Asociacións de empresarios na actividade municipal, con funcións de consulta e asesoramento en materia de medidas de creación de emprego e impulso da economía municipal.
5. **Establecemento dos ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS**, para que todas as asociacións e entidades poidan expoñer as súas necesidades e aportar as súas suxerencias na elaboración dos orzamentos anuais do Concello e as parroquias sexan consultadas a hora de acordar os investimentos prioritarios nas mesmas.
6. **Compromiso de Transparencia na xestión e contas do Concello:** Publicación na web municipal das actas dos plenos e comisións, dos ingresos percibidos polo alcalde, membros do goberno e concelleiros, así como dos orzamentos e contas municipais.
7. **Establecemento dun regulamento para fomentar a participación veciñal**, recollendo a posibilidade de intervir nos plenos, facer preguntas e rogos directamente ao equipo de Goberno, ou presentar iniciativas cidadáns para a súa aprobación pola corporación.
8. **Transformar a páxina web municipal, facéndoa máis dinámica e interactiva**, con máis contidos, actualización permanente, reportaxes sobre Ribadumia e información sobre os recursos patrimoniais e turísticos do Concello, etc.
9. **Implantar a posibilidade de facer trámites administrativos a través da web municipal** (solicitude de certificados, presentación de escritos e solicitudes, xestións, ...)